

Traxectos curtos

Manuel PEREIRA VALCÁRCEL



Rafa Yáñez, Manuel Pereira e Begoña Regueiro. Galería Sargadelos. Madrid, 2006.

Presentar un libro. A incerteza da resposta, os nervios, tratar de que todo saia ben. Persoas coas que non contabamos; outras que, lamentablemente, non poden asistir. Sempre hai alguén que falta nalgún momento. Pero, sobre todo, a emoción da amizade nos encontros.

Sargadelos é un territorio apracible, unha poboación con rúas amplas, unha cidade construída con tradición e esperanza. Alí foi a cita, o martes 21 de Febreiro, un serán frío pero cortés.

Traxectos Curtos como pretexto. Un feixe de relatos, poemas e fotografías onde hai coincidencias, camiños, fuxidas, derrubas, soños, encrucilladas, músicas, amores, disidencias, paisaxes, tránsitos e situacións que só dependen de quen lea. Porque nós escribimos os libros, pero estes, despois, establecen pola súa conta, baixo a súa

enteira responsabilidade, pactos cos lectores que o escritor ignora.

O autor explícase pola obra, e coa obra comezamos a presentación, sen previos retratos afaadores, sen preludios forzados, sen ditirambos. A carón do autor as voces novas, flexibles e acolledoras de dous amigos. Begoña Regueiro en primeiro lugar, interpretando os poemas comigo e despois un relato breve, *Ao outro lado*; posteriormente, Rafa Yáñez, na narración *Día de praia*. Ambos os dous rigorosos, cálidos e creativos. Dos tres en conxunto é o éxito, os aplausos, a resposta gratificante dun público numeroso, atento e implicado.

Despois, ao escritor só lle queda desexar unha feliz viaxe para o seu libro, agradecer o agarimo e perseverar no traxecto longo da escrita. Aí seguimos.